

Bretemas

Blog de Manuel Bragado Rodríguez. Vigo. Galicia

Onte 902: Trazos de Xela

5 Marzo, 2014

Á procura de trazos que nos describan Homenaxe a Xela Arias

11 de marzo de 2014 | 19.00

IES Álvaro Cunqueiro
Rúa Porriño, s/n
Vigo

Organiza



Colabora



IES Álvaro Cunqueiro



[Xela Arias](#) tería cumprido onte 52 anos. Inevitablemente lembrámonos dela neste [martes lardeiro](#) e chuvieiro e celebramos a súa vontade de [reinventarse cada día](#). Por ventura, tras case unha década de esquezo, devagariño a causa da recuperación da obra e da figura literaria de Xela vai callando. María Xesús Nogueira remata a edición da súa poesía completa, que Xerais publicará nun único volume, o que será un paso fulcral neste proceso de posta en valor da escritora viguesa. Pola súa banda, a AELG homenaxeará o vindeiro martes, 11 de marzo, no IES Álvaro Cunqueiro de Vigo a Xela baixo o lema «[A procura de trazos que nos describan](#)» coa intención de facer memoria, de lembrar os seus versos e contribuír a transmitir o herdo inmenso da súa obra. Alí estaremos, coa noble causa de Xela.